



## BASES I CONCURSO DE LECTURA “DÍA DO LIBRO”

### PRIMEIRA

A Concellería de Cultura, Deportes e Educación do Concello de Begonte, organiza o I Concurso de lectura, coa finalidade de conmemorar o Día do libro que se celebrará o próximo 23 de abril.

### SEGUNDA. - Participantes

Poderán presentarse ó concurso todas as persoas que así o desexen e que teñan interese por mostrar as súas dotes lectoras e formar parte desta conmemoración.

### TERCEIRA.- Modalidades

Existe unha única modalidade para inscribirse no concurso:

- ✓ LECTURA: onde os/as participantes deberán elixir o seu libro favorito ou calquera outra lectura curta.

### CUARTA.- Categorías

Establécense dúas categorías

- ✓ De 3 a 12 anos: que inclúe todos os participantes nados do 2009 en diante.
- ✓ De 13 en adelante: na que poderán participar tódalas persoas nadas ata o ano 2008.

### QUINTA.- . Mecánica do concurso e prazo

Para poder participar no I Concurso de lectura deberase facer unha pequena gravación de audio ou vídeo (duración máxima 2 minutos) onde se amose unha ou varias persoas facendo lectura dun fragmento a escoller.

Os/As concursantes, deberán enviar a súa proposta a través de Whatsapp (619 455 026) indicando nome/s e apelidos, nome do libro ou obra así como o seu autor. Ademais deberase enviar o modelo de autorización de dereitos de imaxe incluído nestas bases como **Anexo I** perfectamente cuberto e asinado ó correo electrónico [cultura@concellodebegonte.es](mailto:cultura@concellodebegonte.es).





Unha vez recibida toda a documentación, notificarase mediante correo electrónico a correcta inscrición no I Concurso de lectura e procederase á publicación da gravación nas redes sociais do Concello de Begonte.

Recibiranse propostas dende o luns día 19 ata o domingo día 25 de abril.

Comunicaranse as persoas gañadoras o xoves día 29 de abril tamén nas redes sociais do Concello de Begonte así como na páxina web [www.concellodebegonte.es](http://www.concellodebegonte.es).

#### **SEXTA.- Requisitos**

Será válida de calquera xénero literario.

A extensión das gravacións terán máximo de 2 minutos.

Non se aceptarán propostas que poidan considerarse ofensivas ou impropias ou que non cumpran coas características obrigatorias mencionadas no presente documento.

#### **SÉTIMA.- Valoración**

Establecerase 1 gañador por cada categoría, cuxas gravacións serán valoradas polo xurado composto por persoal do Concello de Begonte donde se premiarán aquelas propostas que presenten maior creatividade e orixinalidade así como maior emoción, entrega e expresividade na lectura.

#### **OITAVA.- Premios**

Para este concurso establécese un premio para cada categoría que consistirá en:

- Un lote de 3 libros (adaptados á idade do participante) e un agasallo sorpresa.

Poderanse conceder un ou varios accésit dependendo da calidade e cantidade de participación no concurso.





Do mesmo xeito que se poden conceder accésit, poderá declararse deserto algún dos premios.

#### **NOVENA.- Entrega de premios**

Os/As premiados/as recibirán notificación mediante correo electrónico da data e lugar de entrega de premios.

#### **DÉCIMA.- Autorización do dereito de uso da imaxe e datos**

En cumprimento ó disposto pola Lei orgánica 03/2018 de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Begonte informa de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Begonte, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para efectos informativos.

Tódolos/as participantes polo feito de participar, autorizan ó Concello de Begonte a realizar e utilizar as imaxes enviadas para o Concurso e facer uso delas de xeito respectuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión.

Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

#### **UNDÉCIMA.- Aceptación das bases**

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.

